

## GRUPO MUNICIPAL DE TEO

### MOCIÓN SOBRE AS DEFICIENCIAS DO CONVENIO ASINADO COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA A RECUPERACIÓN DO VERTEDEDOIRO DE TEO

A Xunta de Goberno municipal aprobou o 14 de xuño de 2004 a sinatura dun convenio coa Consellería de Medio Ambiente para a recuperación do vertedoiro de RSU e a creación dun punto limpo no lugar da Lagoa, entre Recesende e Luou. Este convenio, asinado posteriormente coa Consellería, supuña un investimento de 200.073,60 euros para "a recuperación do vertedoiro de RSU" (215.000 euros ao incluíse a creación dun punto limpo).

Vexamos algúns datos comparativos que chaman a atención:

Vertedoiro clausurado	Poboación do Concello	Área do vertedoiro	Volume de residuos (m <sup>3</sup> )	Custe total da clausura
PADRÓN	9.070 hb	6.930 m <sup>2</sup>	15.560 m <sup>3</sup>	389.899,23 euros
ORDES	12.287 hb	2.010 m <sup>2</sup>	4.020 m <sup>3</sup>	384.392,54 euros
VAL DO DUBRA	4.642 hb	5.800 m <sup>2</sup>	12.900 m <sup>3</sup>	303.071,08 euros
TEO	16.428 hb	10.143 m <sup>2</sup>	21.530,5 m <sup>3</sup>	200.073,60 (2ª F) + 13.211 (1ª F)= 213.284,6 euros

A conclusión é obvia: algo pasa. O vertedoiro que servía á maior poboación, que ten a superficie máis grande, que case duplica no volume de residuos aos outros, ten un custe lixeiramente superior á metade do que custan os outros, máis pequenos.

Algunha das claves desta desfeita aprécianse con só ler a Memoria Técnica do proxecto. **Esta Memoria, presentada pola Consellería, parte dun suposto absolutamente falso que impide que o proxecto sexa levado adiante sen graves consecuencias para o medio ambiente:**

No punto 1.2 da Memoria, titulado "Justificación de la solución propuesta", afirmase o seguinte como punto de partida e xustificación da proposta:

"En el año 2000 el Concello de Teo llevó a cabo la realización de la Clausura y Sellado del vertedero en la que se procedió a la impermeabilización de la masa de residuos mediante una capa de material arcilloso"

Pois ben, tal como o BNG denunciara nunha moción presentada no Pleno do 28 de novembro de 2003, esas obras non se levaron adiante, como pode comprobarse na seguinte relación de feitos perfectamente documentados:

No Pleno da Deputación Provincial celebrado o 30 de decembro de 1999 aprobouse a "4ª Fase de la Anualidad 1999 del PLAN 2000 de Protección del Medio Ambiente" no que se incluía o proxecto "Clausura e selado do vertedoiro de Teo", cun importe total do proxecto de 18.662.093 ptas. Esta primeira fase correspondía ao sellado superficial do vertedoiro. A planificación plurianual establecía para esta obra 6.606.381 ptas en 1999 e 12.055.712 para o ano 2000, financiación que asumía integramente a Deputación.

O 30 de xullo do ano 2000 o Alcalde, D. Armando Blanco, asina o nomeamento como director de obra do enxeñeiro de camiños D. Gilberto Rodríguez Rodríguez, pero as obras retrásanse ano tras ano. Tanto é así que unha circular da Deputación recibida no Concello o 10 de xuño do 2003 (Rexistro de Entrada nº 1369), lembráballe ao Concello a necesidade de certificar a execución das obras pendentes. Un mes máis tarde, o 11 de xullo de 2003 (nº Rexistro de Saída 1142), o Alcalde Armando Blanco remite un escrito á Deputación no que "comunica expresamente a renuncia á realización das obras polos motivos expostos no informe emitido polo Enxeñeiro de Camiños D. Gilberto Rodríguez, director da obra".

O director da obra fai constar, no informe que certificou o 24 de outubro de 2000, a obra executada, por un valor de 2.198.375 ptas. A esta información engade un párrafo esperpéntico:

*Como consecuencia de no haber sido adjudicadas las obras en su totalidad, que corresponden a las partidas que deberían ser ejecutadas con anterioridad a las de las obras adjudicadas, no se pueden ejecutar las que restan de lo ya certificado.*

É dicir, dunha obra de máis de 18 millóns de pesetas executáronse 2 millón, un 11,8% da obra.

No anexo que acompaña esta moción pode comprobarse que o selado do vertedoiro de Teo nada ten que ver co realizado nos outros concellos; para empezar o de Teo non aparece entre os 110 vertedoiros clausurados pola Xunta (que se relacionan na súa páxina WEB).

Nese mesmo anexo obsérvanse os sistemas de control de gases dos outros vertedoiros (activos ou pasivos, no caso máis sinxelo son chemineas dispostas ao longo do vertedoiro). No de Teo non se ven, curiosamente porque a memoria di que "a tipoloxía do residuo fai innecesario calquera sistema de drenaxe de gases". A pregunta é ¿que tipo de residuos temos nós no vertedoiro que nos fan distintos de Padrón, Ordes ou Val do Dubra? (a pesar de ser un volume moito maior de residuos)

A Memoria técnica tamén descarta un sistema de drenaxe de residuos, porque "la producción de lixiviados es inexistente", supostamente porque aquilo está impermeabilizado no 2000 (xa vimos que tipo de impermeabilización, de 2 millóns de ptas fronte aos 16 ou 20 que custa habitualmente). Na páxina WEB da propia Consellería de Medio Ambiente obsérvase que todos os vertedoiros, incluso ben impermeabilizados, levan un sistema de recollida de lixiviados, sistema de evacuación de gases, e sistema de evacuación de augas

pluviais (ver Padrón, Ordes e Val do Dubra). **Nada de eso existe no vertedoiro de Teo.** Por non existir, o vertedoiro nin sequera conta cunha cuneta perimetral para o control de pluviais, básico se o que se pretende é que a auga non penetre nos residuos e non se xeren lixiviados.

En consecuencia, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Encargar á Comisión informativa de Obras e Servicios a elaboración dun informe que recolla a documentación relativa a todas as fases do proxecto, as propostas iniciais e as partes executadas da mesma, co obxecto de posibilitar unha valoración obxectiva da obra.
2. Solicitar, con posterioridade, unha entrevista co novo Conselleiro de Medio Ambiente para presentarlle o informe e solicitarlle a realización dunha valoración técnica da situación real do vertedoiro e da idoneidade das obras completadas, prestando especial atención ás consecuencias medioambientais sobre o río próximo.
3. En base a esta valoración técnica estudaríase coa Consellería a aplicación dunha solución definitiva.

En Teo, a 19 de setembro de 2005

Asdo.: Rafael Sisto Edreira  
Portavoz Municipal suplente do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO